

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions para a colaboración e compartición de coñecemento no marco do proxecto XenIAGalFP

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

INFORMA:

Que esta Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional ten previsto formalizar co Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia que abarca desde resolución favorable e firme de concesión da axuda correspondente á Liña FID, no marco da convocatoria 2025, ata o 31 de decembro de 2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un marco xeral de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o CITIC para o desenvolvemento de actuacións conxuntas de carácter estratéxico, técnico ou científico, dirixidas a impulsar solucións innovadoras e actuacións colaborativas no ámbito do proxecto XenIAGalFP.

O convenio permitirá establecer unha canle de comunicación entre as entidades asinantes e establecer pautas que permitan o asesoramento en materia de tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á modernización do sistema de formación profesional, así como no impulso de solucións innovadoras para o desenvolvemento do proxecto XenIAGalFP.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



1. Que a Dirección Xeral de Formación Profesional, é o departamento da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao que lle corresponde as competencias e funcións en materia de formación profesional, incluída a súa ordenación educativa, así como da xestión dos programas educativos que se desenvolven nos centros que impartan formación profesional, tal e como establece o Decreto 138/2024, do 20 de maio de 2024.
2. Que a UDC é unha institución pública, dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Lei e a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.
3. Que o CITIC é un centro da UDC, recoñecido como Centro de Investigación de Excelencia pola Xunta de Galicia, xerador de coñecemento e de tecnoloxía innovadora que sustenta o constante I+D+i tecnolóxica por medio da realización de actividades de investigación, desenvolvemento científico e tecnolóxico vinculadas ao sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions, co fin de potenciar o avance e a excelencia na investigación, o desenvolvemento e a innovación nas TIC e fomentar a transferencia de coñecemento e resultados á sociedade.
4. Que ambas as partes teñen interese en establecer unha colaboración institucional para fomentar a investigación aplicada, o uso intensivo de datos e o desenvolvemento de solucións innovadoras no ámbito das transformación dixital do sistema de Formación Profesional especialmente no marco do proxecto XenIAGalFP, impulsado pola Dirección Xeral de Formación Profesional.
5. Que, con este obxectivo común, consideran conveniente establecer un marco xeral de colaboración que canalice a cooperación entre ambas as institucións, desde unha perspectiva estratéxica e a longo prazo, en ámbitos de interese mutuo relacionados coa innovación pública e a transformación dixital da educación en Galicia.
6. Que o proxecto XenIAGalFP, forma parte da aposta estratéxica da Xunta de Galicia pola modernización do sistema educativo a través da Estratexia Galega de Formación Profesional 2030, a RIS3 Galicia 2021-2027 e o Plan Galego de Investigación e Innovación 2025-2027.
7. Que dentro do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, no seu eixo de Cohesión Social e Territorial, contéplase o impulso dun modelo baseado na innovación e no capital humano, orientado a construír unha sociedade moderna, cohesionada e con mellores taxas de emprego, marco no que se inscribe o proxecto XenIAGal FP.



8. Que o proxecto XenIAGalFP, alíñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas, en particular o ODS 4 (Educación de calidade) e o ODS 8 (Traballo decente e crecemento económico).
9. Que a Dirección Xeral de Formación Profesional ten entre os seus fins estatutarios, segundo o Decreto 138/2024, do 20 de maio, o desenvolvemento das estratexias de formación e orientación profesional; a planificación e coordinación dos programas de formación específica do profesorado de formación profesional; e a promoción e implantación do uso de tecnoloxías avanzadas nos centros con oferta formativa de formación profesional, todo iso orientado á mellora das competencias do profesorado e do alumnado nun contexto de transformación continua do sistema produtivo.
10. Que o proxecto XenIAGal FP ten por finalidade principal impulsar a transformación dixital do sistema de Formación Profesional en Galicia mediante o desenvolvemento de solucións tecnolóxicas innovadoras que integren intelixencia artificial, analítica de datos e simulación inmersiva, co fin de personalizar a aprendizaxe, mellorar a formación práctica e reforzar a orientación profesional, aliñando a oferta formativa coas demandas actuais e futuras do mercado laboral
11. Que o 23 de xuño de 2023, publicouse no BOE a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación destinada a fomentar o desenvolvemento e adquisición de produtos ou servizos innovadores.
12. Que o pasado 24 de xuño publicouse a Orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada correspondente ao ano 2025 das axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación (CPI), á cal pretende concorrer a Dirección Xeral de Formación Profesional cunha solicitude para financiamento do proxecto XenIAGal FP no marco do cal se asina o presente convenio.
13. Que a Dirección Xeral de Formación Profesional ten intención de solicitar unha axuda para o desenvolvemento do XenIAGalFP, no marco da Orde de convocatoria citada anteriormente.
14. Entre os criterios de priorización das operacións que dispón a citada Orde de convocatoria, establécese a participación de axentes de I+D+i a través da firma de convenios de



colaboración entre a Dirección Xeral de Formación Profesional, solicitante da axuda, e estes, para o desenvolvemento do Proxecto.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

